

[ADAPTACIÓN da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. \(DOG venres 11/02/22\)](#)

Todas as programación deste departamento para o curso 21/22 quedan modificadas e corrixidas:

«2. A sesión de avaliación final ordinaria do alumnado do primeiro curso do bacharelato, a sesión da avaliación final de módulos do alumnado do primeiro curso dos ciclos da formación profesional básica, así como a sesión da terceira avaliación parcial do alumnado da educación secundaria obrigatoria deberán realizarse a partir do día **6 de xuño de 2022**.

3. Deberán realizarse a partir do día **23 de xuño de 2022** as sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado do bacharelato e do primeiro curso dos ciclos da formación profesional básica, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria, as sesións da avaliación final de ciclo do segundo curso dos ciclos da formación profesional básica, e as sesións da avaliación final de módulos do alumnado dos ciclos formativos de formación profesional».

Dous. O punto 2 do artigo 11 queda redactado como segue:

«2. As probas finais da convocatoria extraordinaria para o bacharelato e o primeiro curso da formación profesional básica realizaranse entre o **20 e o 22 de xuño de 2022**».

En resumo:

Para a ESO desaparece a avaliación extraordinaria, é dicir, no referido á avaliación nas programacións do departamento para este curso, corríxese e dende a terceira avaliación ata a ordinaria, o traballo irá enfocado en corrixir mellorar e recuperar na medida do posible o curso. En BAC só será posible a recuperación do pendente para o mesmo período entre o 6 e o 23 de xuño de 2022.

Este departamento non se opón á promoción e/ou titulación nos termos establecidos da nova norma pese a seren modificacións impostas co curso xa en marcha. Consideramos a xunta de avaliación o órgano axeitado para tomar esta decisión atendendo a criterios escrupulosamente individualizados para cada caso concreto sen marcar máis que o determinado pola lexislación en vigor.